

## **Convocatoria da Sesión Ordinaria do Pleno Municipal para o 05 de setembro de 2022 (PLENO 08/2022)**

Conforme ó ordenado pola Alcaldía, por resolución nº 2503/2022 de 31 de agosto, e de acordo co previsto no art. 3.2 a) do R.D. 128/2018, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión Ordinaria do Pleno** que terá lugar no Sala de Plenos do concello de Carballo o **día 05 de setembro de 2022 ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Asi mesmo infórmase que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícase que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

**Sesión de:** Pleno

**Data da sesión:** 05-09-2022

**Convocatoria:** Sesión

**Hora:** 20:30 h.

**1.- Acta da sesión anterior (26/07/2022). Aprobación.**

**2.- Bonificación na cota do ICIO, IBIU e IAE por fomento de emprego. Construción de nave industrial na rúa Titania, Parcela I-12. Aprobación.(CIFECRIC de 30/08/2022)**

**3.- Declaración da Costa da Morte como Reserva Local de Surf. Aprobación. (CIBPS de 30/08/2022)**

**4.- Adhesión á “Declaración sobre la Defensa del Cielo Nocturno y el Derecho a la Luz de las Estrellas”. Destino Starlight. Aprobación. (CIBPS de 30/08/2022)**

**5.- Subvención para o mantemento da Unidade de Condutas Adictivas do Concello de Carballo para o ano 2022. Aprobación da Memoria e Orzamento do proxecto e Solicitud de subvención nominativa á Deputación Provincial da Coruña . Aprobación. (CIBPS de 30/08/2022)**

**6.-Resolución n.º 2113/2022 do 14 de xullo. Proxecto “Carballo para a infancia”. Aprobación do proxecto para solicitude de subvención nominativa á Deputación provincial da Coruña. Toma de coñecemento.**

**7.- Resolución n.º 2380/2022 do 12 de agosto de determinación dos festivos locais do concello de Carballo para o ano 2023. Toma de coñecemento.**

**8.-.- Renuncia do concelleiro Luis María Lamas Álvarez á dedicación exclusiva. Toma de coñecemento.**

**9.- Seguimento de órganos de goberno:**

9.1.- Informe de Intervención e Tesourería do cumprimento da lei 15/2010 do 5 de xullo, que modifica a lei 3/2004 do 29 de decembro, de medidas contra a morosidade, relativo ao segundo trimestre de 2022. Toma de coñecemento.

9.2.- Información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da orde MAP/2105/2012 do 1 de outubro. Execución do segundo trimestre de 2022. Toma de coñecemento.

9.3.- Resolucións da Alcaldía

9.4.- Acordos da Xunta de Goberno Local

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G010/000008

**9.5.- Rogos e Preguntas**

Documento asinado dixitalmente, en Carballo, na data que figura ao marxe.

Secretaria accidental  
Carmen del Río Rodríguez